




羅生門 - Rashōmon
(Akira Kurosawa, 1950)



Brief encounter
(David Lean, 1945)



M (Fritz Lang, 1943)



The kid (Charle Chaplin, 1921)

Kinocube
Filmes Esenciais



Scarface
(Howard Hawks, 1932)



The night of the hunter
(Charles Laughton, 1955)



Meshes of the afternoon
(Maya Deren, 1943)



How green was my valley
(John Ford, 1941)



The kid
(Charles Chaplin, 1921)

Chaplin canaliza a través da súa personaxe sonada, The Tramp, unha traxicomedia tenra e triste que queremos ler como un manifesto polos desamparados, polas marxes á beira dunha sociedade que criminaliza a pobreza.



Flores, risos, a clase obreira.



M
(Fritz Lang, 1931)

Retrato dun monstro engarzado nunha comunidade que o despreza e o persegue. Un estudo sobre a culpabilidade e a patoloxía no crime, que non deixa atrás o comentario social na relación entre o asasino e o pobo que pide a súa cabeza. Atención ao uso brillante do son cinematográfico nos seus comezos.



Ausencia, sombras, xoguetes abandonados, monstros.



Brief encounter
(David Lean, 1945)

Unha historia sinxela e verdadeira cun final inevitable. Contra o tempo, contra o destino, contra o desexo e contra unha mesma, Laura Jesson transita a estación de tren de Milford á procura da resolución dunha paixón prohibida.




Noite, estacións de tren, fume.



羅生門 - Rashōmon
(Akira Kurosawa, 1950)

As historias non son outra cousa que o relato dun feito dende unha(s) determinada(s) perspectiva(s). Este filme enfróntanos á natureza humana negándonos un punto de referencia ao que aferrarnos, demostrándonos que a liña que separa a verdade da mentira é difusa, segundo a lente coa que se mire.



Bosques, damas brancas, aparecidos.




How green was my valley
(John Ford, 1941)

Que verdes eran os nosos vales! A historia dunha familia nunha pequena comunidade mineira da para moitas cousas: unha reflexión sobre a infancia, o recordo e a madurez; unha crítica ao xugo das (o)presións sociais; o herdo e a testemuña da loita dun colectivo pola súa terra e as súas vidas.



Fume, clase, escaleiras, marcos, multitudes.



Meshes of the afternoon
(Maya Deren, 1943)

Xogar co surreal, co subconsciente e coa lírica, narrando a odisea dunha muller que foxe da sociedade patriarcal e da ollada masculina nun relato que se enfía a través de leit motifs surrealistas. "Ti es a túa propia ameaza", debe pensar a muller cando se ve reflectida no rostro da Parca.



Espellos, flores, pechaduras.



The night of the hunter
(Charles Laughton, 1955)

Un conto, unha marabillosa fábula que transita no irreal e no fantástico do mundo dos nenos e da infancia para explicar os horrores dun mundo adulto e violento. A noite como refuxio, como agocho da ollada omnipresente e ameazadora do Cazador.



Noite, sombras, monstros.



Scarface
(Howard Hawks, 1932)

Tony Camonte é Ícaro, no senso no que ascende sen preocuparse máis que do escintilar prometido, fallando en decatarse de que as súas ás están a derreterse ao calor do éxito. A eterna historia de grandes cumes e profundos abismos.



Lobos con pel de año, luces da cidade, ascenso e caída.